# *Ophiothrix fragilis* (Abildgaard in O.F. Müller, 1789)



## Clasificación

**Reino** Animalia
**Filum** Echinodermata
**Clase** Holothuroidea
**Subclase** Actinopoda
**Orde** Dendrochirotida
**Familia** Cucumariidae

## Descrición

Ofiúra cun disco redondeado de ata 20 milímetros de diámetro do que saen cinco fráxiles brazos de forma equidistante. O disco, que é de forma redondeada ou pentagonal e aplanado, presenta a súa superficie recuberta de pequenas espiñas delgadas con outras de maior lonxitude que se dispoñen en cinco grupos radiais. Os escudos radiais son grandes, de forma triangular, están separados e a súa superficie é lisa. Os brazos, cunha lonxitude aproximada de cinco veces o diámetro do disco, teñen placas dorsais en forma de diamante con quilla e placas ventrais rectangulares; cada segmento presenta a cada lado sete espiñas. A súa cor, ao igual que a súa forma, é moi variable, violeta escuro, vermello, amarelo ou laranxa, cos brazos coloreados en bandas máis ou menos aparentes.



## Hábitat e Bioloxía

Desde os 5 aos 350 metros de profundidade, sobre fondos duros, incluídos os fondos de area e cascallo, baixo pedras e algas ou tapizando o fondo. En zonas de corrente moderada de mareas eleva os seus brazos á corrente para recoller da auga circundante partículas coas que alimentarse. Son animais detritívoros e suspensívoros. Poden encontrarse mesturadas con outra ofiúra, *Ophiocomina nigra* (Abildgaard in O. F. Müller, 1789).

# *Ophiothrix fragilis* (Abildgaard in O.F. Müller, 1789)

## Especies semellantes

***Ophiothrix quinquemaculata* (Delle Chiaje, 1828)**, presenta na parte dorsal do disco uns grandes escudos radiais triangulares lisos, entre os que hai numerosas espiñas pequenas e os seus brazos teñen unhas placas dorsais de perfil redondeado cada unha das cales presenta nun dos seus laterais un rebordo característico.

## Distribución

Desde Islandia ata o Mediterráneo.





## Curiosidades

O nome da especie, *fragilis*, fai referencia á fraxilidade dos seus brazos, que rompen coa mínima manipulación.